



PLAN DIXITAL

IES Cidade de Antioquía

[Versión 1.1_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES Cidade de Antioquía

Enderezo: Avenida de Ourense 186 Xinzo de Limia CP32630

Correo electrónico: ies.cidade.antioquia@edu.xunta.gal

Enderezo web: www.edu.xunta.gal/centros/iescidadeantioquia

Ensinanzas que imparte: ESO, Bacharelato, FP Básica de electrónica, FP de grao medio e superior da familia agraria e educación secundaria para adultos ESA.

Alumnado por etapas:

- ESO: 163 alumnos/as.
- Bacharelato: 59 alumnos/as.
- FP Básica: 9 alumnos.
- FP Grao medio: 34 alumnos/as.
- FP Grao superior: 42 alumnos/as.
- ESA: 8 alumnos/as.

Profesorado:

- PES: 43 profesores/as.
- Profesores técnicos de FP: 8 profesores/as.
- Mestres: 3 mestras.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O IES Cidade de Antioquía atópase situado ás aforas da localidade de Xinzo de Limia, na provincia de Ourense. Ten unha extensión de 132'7 km² e unha poboación de preto de 10.000 habitantes (9641, datos do INE para o padrón de 2021), a maioría deles (7 de cada 10) na propia localidade de Xinzo de Limia (parroquia de Santa Mariña).

A actividade económica céntrase sobre todo no sector primario, explotacións gandeiras e agrícolas, e no sector servizos, sendo un concello pouco industrializado e dixitalizado.

En canto ás características culturais, o evento cultural de maior difusión é o Entroido, que abrangue actividades por un período de 5 semanas, sendo a última delas a de maior afluencia de visitantes.

No concello hai dous colexios de educación infantil e primaria, os CEIP Carlos Casares e CEIP Rosalía de Castro, dous IES, o IES Lagoa de Antela e o IES Cidade de Antioquía, e un conservatorio de música o CMUS profesional de Xinzo de Limia.

- Contribución do plan dixital ao PEC, relación con outros plans e programas do centro:

O proxecto educativo do centro contempla como obxectivo para todas as etapas educativas o emprego das TIC tanto por parte do alumnado como do profesorado.

O centro foi dotado con equipamento de aulas ABALAR ao comezo de dito programa. A consecuencia diso as aulas de 1º e 2º da ESO están dotadas de armarios ABALAR con ultraportátiles para alumnado, portátil para o profesorado e pizarra dixital interactiva.

O programa de formación de profesorado do centro conta cunha liña de formación no plan dixital de centro.

- Contribución do plan dixital á programación xeral do curso 2022/2023.

A PXA do centro para o curso 2022/2023 contemplará no documento 9 do capítulo III o programa de formación do profesorado e dentro del , a formación específica naquelas áreas que contribúan a alcanzar os obxectivos do plan dixital de centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A lei orgánica 2/2006 de educación do 3 de maio, establece:

No artigo 111 bis. Tecnoloxías da información e a comunicación:

- As administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na aula como medio didáctico axeitado e valioso para a realización das tarefas de ensino e aprendizaxe.

- O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás comunidades autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nas escolas e nas aulas.
- As Administracións Públicas velarán polo acceso de todo o alumnado aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións.

No artigo 121 . Proxecto educativo:

- O proxecto educativo do centro incluirá [...] a estratexia dixital do centro.

No artigo 132. Competencias do director ou directora:

- Exercer a xestión pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para acadar os fins do proxecto educativo do centro.
- Promover a experimentación, as innovacións pedagóxicas, os programas educativos, os plans de traballo, as formas de organización,...

As Resolucións do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 e do 18 de xuño de 2021, para as ensinanzas de FP, establecen nas súas disposicións adicionais quinta e terceira, respectivamente:

Plan dixital de centro:

- Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

As Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, dita as instrucións a seguir para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste plan definíronse os seguintes obxectivos:

- Avaliar a competencia dixital do centro atendendo ás dimensións pedagóxica, tecnolóxica e organizativa para poder emprender un proceso de transformación, facendo uso das ferramentas de avaliación e diagnose: enquisa de autoavaliación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.
- Realizar a diagnose de situación do centro, que foi concretada na análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades).
- Diseñar accións específicas encamiñadas á mellora da competencia dixital do centro e da comunidade.
- Establecer un procedemento de seguimento e avaliación do plan de actuación elaborado, no que se recollen obxectivos, actuacións e métodos de avaliación e difusión dos mesmos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

- Conectividade: Conexión xeral de rede por fibra óptica 1 GB. Armario Rack de conexións múltiples, con switchs para as conexións de aula e servidor ABALAR integrado.
- Infraestruturas de voz e de datos: 1 liña de telefonía fixa con 11 extensións. 3 liñas de telefonía móbil, unha das cales se fai servir como base dunha rede WiFi para zonas sen cobertura no edificio.

Equipamento dispoñible:

- Aulas dixitalizadas: 4 aulas ABALAR con armarios de ultraportátiles e piazrra dixital interactiva.
- Equipos de xestión e administración: 5 equipos de PC de sobremesa fixos para membros do equipo directivo e 2 para persoal de administración e servizos.
- Uso na biblioteca: 1 equipo de PC de sobremesa para xestión da biblioteca e préstamos. 3 equipos para uso do alumnado.

- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: 5 equipos na sala de profesorado, conectados en rede a unha fotocopiadora multifunción. 1 equipo informático por departamento.
- Equipos para uso nas aulas de referencia: Cada aula dispón de ordenador de sobremesa e canón proxector, en total 17.
- Equipos para uso en aulas específicas: Cada aula dispón de ordenador de sobremesa e canón proxector, en total 6.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil: 24 equipos do plan "Educa en dixital", 5 dos cales se atopan en situación de préstamo a alumnado vulnerable.
- Aulas de informática e dotacións para proxectos específicos. 2 aulas de informática con canón proxector e 18 e 17 equipos respectivamente.

Servizos dixitais educativos:

- Servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente:
 - Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescidadeantioquia/>
 - Aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescidadeantioquia/aulavirtual/>

Xestión do mantemento do equipamento do centro.

- Un técnico informático contratado por horas, dous días á semana.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC

- Plan de continxencia:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescidadeantioquia/system/files/Plan%20de%20continxencia%20fronte%20%C3%A1%20Covid-19%20v3.0.pdf>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A continuación móstranse os resultados obtidos das diferentes ferramentas de avaliación empregadas.

Os resultados enquisa de **Autoavaliación SELFIE** para cada unhas áreas foron os seguintes:

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Directivo	3.7	3.7	3.6
	Profesorado	3.1	3.1	3.3
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	3.6	3.5	3.5
	Profesorado	2.8	2.8	3.2
	Alumnado	2.5	2.6	2.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3.4	3.4	3
	Profesorado	3.1	3	3.4
	Alumnado	2.6	2.4	3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4.3	4.5	4.1
	Profesorado	3.3	3.4	3.3
	Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4.2	4.2	4.2
	Profesorado	4	4.3	4.1
	Alumnado	3.4	3.5	3.6
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3.5	3.5	3.5
	Profesorado	3.7	3.9	3.5
	Alumnado	2.7	2.6	3.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3.7	3.7	3.7
	Profesorado	3.1	3.5	3.2
	Alumnado	2.4	2.1	2.8
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.7	3.7	3.7
	Profesorado	3	3.3	3.4
	Alumnado	2.5	2.6	2.8

Os resultados obtidos do **Test CDD** foron os seguintes:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	33	60.6 %
PROVISIONAL	10	11	90.9 %
INTERINO	2	2	100 %
SUBSTITUTO	7	8	87.5 %
DESPRAZADO	1	5	20 %

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74.5	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	72.9	Integrador/a (B1)	79.2	Integrador/a (B1)
BAC	77.5	Integrador/a (B1)	77.9	Integrador/a (B1)
F.P	74.2	Integrador/a (B1)	80.3	Integrador/a (B1)
ESO Adult.	116.7	Experto/a (B2)	75.9	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	3	7.5 %
Explorador (A2)	11	27.5 %
Integrador/a (B1)	20	50 %
Experto/a (B2)	4	10 %
Líder (C1)	1	2.5 %
Pioneiro/a (C2)	1	2.5 %
TOTAL	40	100 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes (análise cualitativa), o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Existen dispositivos dixitais que os docentes poden utilizar na súa labor docente. Si se resollen as incidencias técnicas. Suficiente política de protección de datos. Existen espazos para compartir recursos educativos dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> Insuficiente infraestrutura dixital para apoiar o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Insuficientes dispositivos dixitais que son propiedade do centro (ou xestiona o centro) e que o alumnado pode utilizar para a súa aprendizaxe. Insuficientes dispositivos portátiles que o alumnado pode levar á casa en caso de que sexa necesario. Insuficientes espazos físicos que facilitan o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais no noso centro. Non hai repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe. Os espazos dixitais proporcionados pola administración educativa son pouco intuitivos. Insuficientes características do software instalado nos equipos. Insuficientes características das plataformas e aplicativos online utilizados.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Existen novas modalidades de ensino con tecnoloxías dixitais que son apoiadas polo equipo directivo. Existen colaboracións con outras entidades. Suficiente participación no DPC. Existen oportunidades de DPC. Os docentes buscan recursos educativos dixitais en liña. Os docentes crean de recursos dixitais para reforzar o seu método de ensino. Suficiente comunicación coa comunidade educativa utilizando tecnoloxías dixitais. Si se utilizan recursos educativos abertos. Si hai inclusión do alumnado. Si se utilizan tecnoloxías dixitais para a avaliación das habilidades do alumnado. Existe unha transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais. Si se utilizan plataformas dixitais promovidas pola administración educativa. Si hai un uso activo e creativo de aulas virtuais. 	<ol style="list-style-type: none"> O profesorado non fomenta suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. Insuficiente tempo do profesorado para explorar a ensinanza dixital e mellorar o seu método de ensino con tecnoloxías dixitais. O profesorado non avalía o progreso do proceso ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. O profesorado non debate sobre o uso da tecnoloxía dixital Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado. O profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. O profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros. Non hai unha avaliación das habilidades dixitais desenvolvidas fóra do centro polo alumnado. Non hai dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxio, etc).

PERSOAL NON DOCENTE	1. Si hai unha inclusión do alumnado polo personal non docente.	
ALUMNADO	1. O alumnado aprende a comunicarse.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado non conta con dispositivos dixitais que son propiedade do centro (ou están xestionado por el) para a súa aprendizaxe no centro. 2. Insuficientes dispositivos para o alumnado que poida levar á casa en caso de que sexa necesario. 3. O alumnado non trae o seus propios dispositivos portátiles para utilizalos durante as clases. 4. Non existe unha base de datos de empresas que ofrecen prácticas remuneradas ou non e outras posibilidades de formación. 5. O alumnado non aprende suficientemente a codificar ou programar. 6. O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxía. 7. Insuficiente participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais. 8. Non hai dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxio etc). 9. O alumnado non adquire suficientes habilidades dixitais nas diferentes materias.
FAMILIAS		<ol style="list-style-type: none"> 1. Hai pouca participación das familias en aspectos xerais de actividades do centro. 2. Escasa participación das familias nos órganos de goberno do centro educativo. 3. Non hai un acceso xeneralizado do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo. 4. Non hai ANPA constituída.
OFERTA	1. Si hai novas modalidades de ensino con tecnoloxías dixitais no noso centro.	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Si hai novas modalidades de ensino con tecnoloxías dixitais no noso centro. 2. Si se facilita ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non contamos cunha estratexia dixital. 2. Non hai asistencia técnica no centro cando xorden problemas coa tecnoloxía. 3. Non hai medidas para identificar os retos que xorden coa aprendizaxe híbrida, relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico. 4. Non hai un plan para axudar ao profesorado a abordar os retos que xorden coa aprendizaxe híbrida, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e o seu contexto socioeconómico. 5. O alumnado non trae o seu propio dispositivo portátil por medo a perdelo. 6. Insuficientes espazos físicos que facilitan o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais no noso centro. 7. Non hai repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe. 8. Insuficiente colaboración con institucións alleas ao centro educativo. 9. Non hai participación das empresas no desenvolvemento da estratexia dixital do noso centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe diferente oferta educativa do centro para FP. 2. O centro percibe achegas económicas por parte da administración. 3. Hai oferta de actividades formativas para o profesorado e as condicións facilitan a participación. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A infraestrutura dixital que apoia o ensino e a aprendizaxe no noso centro é insuficiente. 2. Non hai asistencia técnica cando xorden problemas coa tecnoloxía. 3. Os espazos físicos onde se desenvolve o ensino e a aprendizaxe son insuficientes para o alumnado. 4. Non hai repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe. 5. Escasa dotación de equipamento tecnolóxico para o centro ou o alumnado, ou está suxeito a determinadas condicións.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. 2. Faise un adecuado tratamento das licenzas e dos dereitos de autoría. 3. Existe lexislación educativa que regula o seu 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de formación sobre lexislación educativa e non educativa que afecta ao sistema educativo.

	funcionamento. 4. Existe lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo.	
CONTORNA	1. Existe colaboración con institucións alleas ao centro educativo.	1. Existencia de fenda dixital. 2. Pouca participación das familias en aspectos xerais de actividades do centro. 3. Escasa participación das familias nos órganos de goberno do centro educativo. 4. Pouco acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.
ANPA		1. Non hai ANPA constituída.
OUTRAS ENTIDADES	1. Hai colaboracións con outras organizacións. 2. Hai estabilidade laboral do persoal non docente.	1. As empresas non participan na estratexia dixital do noso centro. 2. Non hai medidas para identificar os retos que xorden coa aprendizaxe híbrida, relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico. 3. Non hai un plan para axudar ao profesorado a abordar os retos que xorden coa aprendizaxe híbrida, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e o seu contexto socioeconómico. 4. Non existe unha base de datos de empresas que ofrecen prácticas remuneradas ou non e outras posibilidades de formación.

3. Plan de Acción

Tendo en conta a situación do noso centro este curso, propóñense os seguintes obxectivos de mellora relativa do uso que se fai dos recursos materiais e humanos dispoñibles para o curso que vén.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Despois de analizar os datos obtidos da análise DAFO, foron establecidas unhas áreas de mellora para determinar os próximos obxectivos para o próximo curso. Estes obxectivos teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal.

Para cada obxectivo definiuse unha táboa, que tamén será empregada para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan e que recollan a seguinte información:

- Área de mellora, en relación coas áreas do Marco Europeo de Competencias Dixitais.
- Indicador cuantitativo do que se pretende medir.
- Valores de partida e de chegada de ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos.
- As accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, acordar unha temporización e os recursos necesarios.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para poder mellorar nas diferentes áreas SELFIE é necesario unha mellora nas infraestruturas tecnolóxicas actuais.

O centro conta cunha rede de datos, pero que non sempre funciona ben e non chega a todas as aulas, facendo difícil a conexión dentro do edificio.

Hai 2 aulas de informática pero que non están dotadas con suficientes postos de traballo, polo que sería conveniente poder habilitar unha nova aula con ordenadores e poder dar servicio aos diferentes estudos que se cursan.

Nas 8 aulas onde se imparte a ESO serían necesarias unhas pizarras dixitais para poder traballar con moitos dos recursos interactivos que hai dispoñibles.

Tamén sería necesaria a creación dunha nube dixital onde poder compartir información entre o profesorado, e de ser o caso, co alumnado.

Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Area/s de mellora": H COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
1. OBXECTIVO:	H.10 Mellorar as competencias dixitais do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 75% do alumnado ten coñecementos ofimáticos					
Valor de partida	Escaso coñecemento ofimático por parte do alumnado					
Valor previsto e data	Tres cuartas partes do alumnado ten coñecementos ofimáticos básicos			Fin curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Análise das destrezas ofimáticas previas	Titores/as Coordinador/a TIC	1º Trimestre	Ordenadores Aula informática Titores/as		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación ofimática básica	Dinamizadores TIC Coordinador/a TIC	2º Trimestre	Ordenadores Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación de táboa excel	Dinamizadores TIC Coordinador/a TIC	2º Trimestre	Ordenadores Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Exportación de diferentes documentos	Dinamizadores TIC Coordinador/a TIC	3º Trimestre	Ordenadores Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
1. OBXECTIVO:	H.10.- Mellorar as habilidades dixitais para diferentes materias				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable da Aula Virtual do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 75% do alumnado de 1º e 2º ESO usa as ferramentas da Aula Virtual					
Valor de partida	Escaso emprego da Aula Virtual polo alumnado de 1º e 2º ESO					
Valor previsto e data	Tres cuartas partes do alumnado de 1º e 2º ESO aprende a usar a Aula Virtual			Fin curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Análise das destrezas previas	Titores/as 1º e 2º ESO Responsable Aula Virtual Coordinador/a TIC	1º trimestre	Ordenadores Aula Virtual do centro Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Automatrícula no curso correspondente	Titores/as 1º e 2º ESO Responsable Aula Virtual Coordinador/a TIC	1º trimestre	Ordenadores Aula Virtual do centro Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación de foro na aula virtual de cada curso	Titores/as 1º e 2º ESO Responsable Aula Virtual Coordinador/a TIC	2º trimestre	Ordenadores Aula Virtual do centro Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Desenvolvemento de actividades que impliquen o uso do foro	Titores/as 1º e 2º ESO Responsable Aula Virtual Coordinador/a TIC	3º trimestre	Ordenadores Aula Virtual do centro Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
1. OBXECTIVO:	Actualizar os equipos informáticos do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Os 30 ordenadores do centro están actualizados ou son cambiados					
Valor de partida	Os ordenadores para actualizar nas diferentes aulas					
Valor previsto e data	A maioría dos ordenadores están actualizados			Fin curso 2022/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Comprobación do estado dos ordenadores das aulas	Coordinador/a TIC	1º trimestre	Equipo directivo Ordenadores aulas Aulas de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación de un plan de acción	Coordinador/a TIC Dinamizadores TIC	2º trimestre	Equipo directivo Coordinador/a TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Actualización de equipos	Coordinador/a TIC Dinamizadores TIC	3º trimestre	Equipo directivo Coordinador/a TIC Software e Hardware necesarios para a actualización dos mesmos Aulas de informática Ordenadores das aulas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Area/s de mellora": C INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS

1. OBXECTIVO:	C.12: Diseñar procesos de ensino-aprendizaxe mixto	Acadado
RESPONSABLE:	Claustro	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Máis do 80% do profesorado ten un curso operativo na aula virtual do centro	
Valor de partida	Insuficientes unidades de aprendizaxe na aula virtual	
Valor previsto e data	A maioría do profesorado do centro ten e emprega un curso creado na aula virtual	Decembro 2022

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Solicitar formación específica de programación mixta	Equipo directivo Coordinador/a TIC	1º trimestre	CAFI e/ou CFR		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Dar a coñecer o repositorio de APP precargadas na aula virtual	Equipo directivo Coordinador/a TIC	1º trimestre	Claustro Aula Virtual onde se creará un curso práctico sobre as APP que ofrece		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Empregar o foro ou outras ferramentas da aula virtual como retroalimentación/comunicación co alumnado	Claustro	1º trimestre	Claustro Aula Virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.4: Debater sobre o uso da tecnoloxía dixital	Claustro	1º trimestre	Claustro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do plan

Para avaliar o plan, farase un seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos por parte do/a coordinador/a TIC e/ou do equipo directivo, da seguinte maneira:

- Unha **avaliación procesual**, cunha frecuencia dunha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións de cada obxectivo, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha **avaliación final**, cunha frecuencia dunha vez ao ano (final do curso). Os aspectos a considerar incluirán a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Para a difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa publicarase na páxina web do centro e estará a disposición de todos/as os/as traballadores/as do mesmo en formato dixital ou mesmo en papel, se fose necesario.